



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2025-2

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

17 de Febreiro de 2025

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

12:39

Hora de Finalización

12:53

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ
LUCIA GIL CID
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 15.01.2025 (ACTA 2025/1)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. ORDE DO 27 DE XANEIRO DE 2025 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS EN REXIME DE CONCORRENCA COMPETITIVA PARA A PRESTACION DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NOS ESPAZOS ACUATICOS NATURAIS E INSTALACIONES ACUATICAS DESCUBERTAS E SE PROCEDE A SUA CONVOCATORIA PARA O ANO 2025 (PR460D)

O Sr. alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Orde do 27 de xaneiro de 2025**, da Consellería de **Presidencia, Xustiza e Deportes**, pola que se regulan as bases das subvencións para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, para o ano 2025 (**PR460D**), así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto do servizo para a que se solicita subvención, a saber: **Programa de atención das piscinas municipais mediante a contratación de dous bañistas-socorristas.**

SEGUNDO. Solicitar á Consellería de **Presidencia, Xustiza e Deportes**, ó abeiro da Orde da





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

devandita Consellería de data 27 de xaneiro de **2025** unha **subvención de 8.224,56 euros**; para o financiamento do 100% dos gastos salariais totais correspondentes para a contratación de desempregados.

TERCEIRO. Facultar, de xeito expreso, ó Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.

CUARTO. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución, así como o compromiso de financiar o importe que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.

QUINTO. Trasladar o presente acordo á devandita Consellería.

3º. ORDE DO 3 DE XANEIRO DE 2025 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS PARA A PROMOCION DA IGUALDADE E SE PROCEDE A SUA CONVOCATORIA PARA 2025 (SI436A)

O alcalde dá conta da Resolución do **3 de xaneiro do 2025**, da **Consellería de Política Social e Igualdade** pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais de Galicia para a **promoción da igualdade**, publicada no DOG núm. 25 do 6 de febreiro de 2025.

Dase conta, tamén, da memoria na que se especifican as actuacións que se realizarán.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a memoria da actividade "**Xogamos, rimos, igualamos**", cun orzamento total de **23.373,96 euros**.

SEGUNDO. Solicitar á Consellería de Política Social e Igualdade unha subvención, ao abeiro da resolución de referencia, dentro do Programa do "**Plan corresponsables no ámbito local**" e nas **Bolsas de coidados para desenvolver en dependencias públicas**, de acordo có seguinte:

Custos de persoal e subvención solicitada: 23.373,96 euros.

Total proxecto: 23.373,96 euros.

Para a realización da actividade descrita na memoria anteriormente aprobada e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

TERCEIRO. Declarar que o concello de Castrelo do Val:

1º. Posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

2º. Financiará o custo das actuacións obxecto da axuda que non resulte financiado pola





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Consellería de Política Social e Igualdade para a súa completa realización.

3º. Designa para as funcións de coordinación e comunicación coa Consellería de Política Social e Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do expediente a Purificación Salgado Rodríguez, AEDL do concello.

CUARTO. Facultar de xeito expreso ao Sr. Alcalde, para a sinatura da documentación precisa.

4º. ACORDO QUE PROCEDA SOBRE CONCERTACIÓN DE OPERACION DE TESOURERIA PARA 2025.

Logo de contactar coas entidades nas que o Concello ten conta aberta sobre a súa disposición para concertar unha operación de tesourería no actual exercicio de 2025 con **data 12 de febreiro de 2025** solicitouse á entidade **ABANCA** condicións para a concertación dunha **operación de tesourería, por importe de 375.000,00 euros**

En resposta á dita invitación, a entidade **ABANCA**; presentou a súa oferta de acordo có seguinte:

- Importe **375.000,00 euros**.
- Prazo: 12 meses.
- Tipo de interés: Euribor a 3 meses + 0,44%
- Comisión de no disponibilidad: 0,0 % anual
- Intereses de demora: 2,00 %
- Resto de comisións: 0%.

Tralo que a Xunta de Goberno, por unanimidade, **ACORDA**:

PRIMEIRO. Aceptar e aprobar as condicións ofertadas pola entidade **ABANCA**, tal e como constan na súa proposición; e na súa consecuencia:

SEGUNDO. Concertar a operación de tesourería coa entidade **ABANCA** de acordo có seguinte:

- Importe **375.000,00 euros**.
- Prazo: 12 meses.
- Tipo de interés: Euribor a 3 meses + 0,44%
- Comisión de no disponibilidad: 0,0 % anual
- Intereses de demora: 2,00 %
- Resto de comisións: 0%.

Queda facultado o Sr. alcalde para a sinatura da oportuna póliza, coa intervención como fedatario do Secretario municipal.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo á entidade **ABANCA**.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

